



03Calidade e novas tecnoloxías

O intenso traballo xerado polo proceso de adaptación das nosas titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior centrou en gran medida a actividade desenvolta pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías. Como vén sucedendo desde cursos anteriores, observamos unha alta implicación do profesorado e de todo o persoal neste proceso, como se pon en evidencia polo nivel de participación nos contratos-programa e nos grupos departamentais.

En consonancia cos criterios marcados polo Plano estratéxico da UDC, en 2008 a maioría dos centros da UDC contou co seu sistema de garantía interna de calidade certificado.

Neste ano a UDC aprobou en Consello de Goberno o “Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado. Programa Docentia”, coa finalidade de dispoñer dunha ferramenta para a avaliación docente do profesorado que garanta a calidade do noso profesorado. Preténdese contribuír deste xeito á construción

dun escenario que favoreza os principios de calidade nas novas titulacións.

Tamén se levaron a cabo as actividades dos planos de apoio ao ensino e de apoio á aprendizaxe, que contaron cunha importante participación do profesorado e do estudantado. Cómpre salientar a numerosa participación nos obradoiros do campus virtual Moodle e a posta en marcha do novo Plano de formación para o profesorado de secundaria.

Canto ás novas tecnoloxías, hai que destacar as innovacións, que de xeito paralelo a todos estes procesos, experimentou o Servizo de Informática e Comunicacións (SIC) nas súas infraestruturas e proxectos para estar á altura dos estándares de calidade promovidos na UDC. Nesta liña, durante 2008 o SIC concretou o seu planeamento integral de definición e xestións conforme á normativa internacional ISO/IEC 20000:2005 IT Service Management System de xestión de servizos de informática e de telecomunicación.

Contratos-programa

En 2008 a Universidade da Coruña presentou unha nova convocatoria (a cuarta) para contratos-programa con modalidades para centros, profesorado e PAS.

Nos contratos-programa para facultades e escolas participaron 25 centros, con accións como a posta en marcha dun novo título de grao, o deseño de novas propostas de título de grao segundo as directrices da UDC, o deseño e realización de planos de acción tutorial ou a posta en marcha de másteres oficiais.

Participaron na convocatoria dirixida a innovación docente 181 profesores e profesoras, que presentaron un proxecto de innovación docente nalgunha das súas materias, con especial atención á elaboración de materiais multimedia e a experiencias educativas que incorporan novas tecnoloxías docentes.

Nesta convocatoria participaron un total de 42 PAS, individualmente ou en equipo. Estes programas dirixíranse á procura de melloras nas áreas e nos procesos que xestionan directamente os solicitantes.

	1ª convocatoria	2ª convocatoria	3ª convocatoria	4ª convocatoria
Centros	17	27	25	25
Departamentos	11	-	15	--
Servizos	6	-	-	--
PDI	46	85	101	174
PAS	19	42	40	42
Total	103	154	181	231

Cadro 15 **Evolución da participación nos contratos-programa**

Grupos departamentais de calidade

Os grupos departamentais de calidade organízanse na Universidade da Coruña desde 2004. Foi a fórmula escollida polo Consello de Dirección para preparar o persoal docente na conversión de materias ao siste-

ma de crédito europeo (ECTS) e mais na elaboración de guías docentes para implantar os novos métodos pedagóxicos.

Convocatoria	Profesores/as	Grupos
2004	348	106
2005	483	160
2006	493	169
2007	472	140
2008	385	104

Cadro 16 Evolución dos grupos departamentais de calidade

Formación e innovación educativa

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), dependente da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, organiza a súa actividade a través de tres unidades: Unidade de Ensino non Universitario, Unidade de Formación e Asesoramento e Unidade de Atención á Diversidade.

- **Unidade de Ensino non-Universitario**

Centra a súa actividade na organización do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), que se imparte na Uni-

versidade da Coruña desde o curso 1999-2000. Este curso dura 15 créditos, articulados en seis módulos. Na súa organización participan, ademais do persoal do CUFIE, sete membros coordinadores dos módulos teóricos, un coordinador de prácticas, o profesorado que imparte docencia nos módulos teóricos, así como o profesorado de secundaria e formación profesional que titoriza as prácticas. No curso 2008-2009 inscribíronse 764 titores.

Curso	A Coruña	Ferrol	Lic. CC. do Deporte	Total
1999-2000	255	69	0	324
2000-2001	511	75	39	625
2001-2002	499	121	65	685
2002-2003	526	107	101	734
2003-2004	627	128	117	876
2004-2005	571	143	75	789
2005-2006	474	101	73	667 (2)
2006-2007	465	112	73	684 (2)
2007-2008	434	76	64	571 (2)
2008-2009	500	73	83	656 (2)

(1) Neste curso non houbo CAP na modalidade intensiva en Ferrol, nin CAP adaptado para licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

(2) Contabilízase tamén o alumnado con validacións e matriculado en anos anteriores que se volve matricular.

Cadro 17 Evolución do alumnado do CAP

Por outra banda, desenvolveuse o Plano de formación para o ensino en secundaria. Organizáronse seis cursos de 30 horas de duración e un de dúas. Oferláronse 300 prazas.

• Unidade de Formación e Asesoramento

Ten a función de facilitar a formación e o asesoramento necesarios para unha mellora da calidade dentro da Universidade da Coruña, aos diversos compoñentes do proceso de ensino/aprendizaxe: tanto o profesorado como o alumnado. Para iso, lévanse a cabo dife-

rentes programas de apoio: Plano de apoio ao ensino (PAE) Plano de apoio á aprendizaxe (PAA), Plano de formación inicial (PFI), Plano de acción tutorial (PAT) e, como novidade, púxose en marcha o Plano de formación para o ensino en secundaria (PFES).

– O Plano de formación inicial, orientado cara á formación do profesorado novel na universidade, pechou a súa participación a novas incorporacións. Porén ofreceuse a posibilidade de que as persoas que xa estaban participando poidan rematalo. En total nesta convocatoria están a participar 39 profesores/as.

- A maiores, organizáronse dous programas de formación específicos baixo demanda: Plano de formación do programa docencia e Obradoiro campus virtual

Moodle: ensinar e aprender con Moodle-guía de aprendizaxe no EEES.

Programas	Cursos	Horas	Prazas
Metodoloxía Didáctica	14	132	350
Tecnoloxía Educativa	4	48	100
Ensino semipresencial	4	44	100
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	3	32	75
Contexto Socioinstitucional da UDC	6	60	150
Docencia	3	15	85
Obradoiro campus virtual Moodle	27	355	543
Plano de apoio ao aprendizaxe	14	140	420
Plano de formación para o ensino de secundaria	6	192	300
Total	263	1018	2123

Cadro 18 **Cursos do CUFIE no curso 2007-2008**

- No curso académico 2008-2009 continúaase co Programa de Acción Titorial, dentro dos contratos-programa que cada ano vén convocando a Vice-reitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías. Trátase dun programa de atención que ten como obxectivo mellorar a calidade formativa das titorías para contribuír a unha mellora nos procesos de ensino-aprendizaxe. O programa comezou por vez primeira no curso 2007-2008. No curso 2008-2009 parti-

cipan nel un total de once centros dos campus da Coruña e de Ferrol.

• **Atención á diversidade**

A Unidade de Atención á Diversidade promove medidas e canaliza recursos para previr ou combater situacións de marxinación e para axudar a calquera profesor/a, alumno/a ou traballador/a da Universidade que presente necesidades educativas especiais.

Curso	Alumnado
2004-2005	4
2005-2006	--
2006-2007	60
2007-2008	10

Cadro 19 Evolución do alumnado con apoio de Atención á Diversidade

Aula de Formación Informática

Logo da Facultade de Informática, á que pertence case a metade dos alumnos e alumnas que participaron en cursos da Aula de Formación Informática, os centros con maior número de inscritos foron a EU Politécnica e a Escola Politécnica Superior, ambos do campus de Ferrol.

Entre os cursos ofertados cómpre salientar os de Autocad, deseño de páxinas web, desenvolvemento de páxinas web, sistema operativo Linux, base de datos ou fotografía dixital.


	A Coruña	Ferrol	Total
Número de cursos	27	12	39
Número alumnos/as	503	147	650
Número profesores/as	22	7	29

Cadro 20 Actividade da Aula de Formación Informática en 2007-2008


Avaliación docente

Practicamente toda a actividade que se fai arredor da Avaliación Docente reflíctese no seu portal www.udc.es/avaliemos. Neste sentido, no último ano, ademais de publicar os resultados xerais e de participación das

avaliacións do primeiro e segundo cuadrimestres, e de actualizar os accesos aos resultados persoais (que son confidenciais) cos últimos datos dispoñibles, estiveron-se a mellorar os servizos do portal.



Cadro 21 Participación do alumnado na avaliación docente por centros 2007-2008



Cadro 22 Participación do profesorado na avaliación docente por departamentos 2007-2008

Unidade Técnica de Calidade

- O programa FIDES-AUDIT pretende que os centros das universidades galegas poidan garantir que dispoñen dun proceso sistemático de recollida de evidencias que permita o cumprimento dos futuros criterios de acreditación das ensinanzas universitarias. Á primeira convocatoria do Programa FIDES-AUDIT presentáronse os 25 centros da UDC dos que 22 centros obtiveron tanto das Comisións de Avaliación como da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación unha valoración global positiva.
- A Unidade Técnica de Calidade elaborou o procedemento para a avaliación da actividade docente da UDC, Programa Docencia, que foi aprobado polo Consello de Goberno da UDC nas datas do 18 de decembro de 2007 e o 23 de xullo de 2008 e que foi valorado por unha comisión de avaliación nomeada pola ACSUG.
- A entidade externa SGS ICS IBERICA realizou a auditoría de renovación da certificación pola nor-

ma UNE-EN-ISO 9001:2000 de cinco servizos. En decembro realizou a auditoría de seguimento doutros tres servizos. No mes de novembro a Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) auditou pola norma UNE-EN-ISO 17025 un ensaio da Unidade de Técnicas Cromatográficas que pertence os Servizos de Apoio á Investigación para a súa acreditación.

Centros	20
Departamentos	19
Servizos	4
Total	43

Cadro 23 **Planificacións estratéxicas presentadas en 2008**

- A través da caixa de suxestións da Universidade recóllense as preguntas, as suxestións, as queixas e as felicitacións que envían os diferentes colectivos da Universidade e da sociedade en xeral. En 2008 recolléronse un total de 1.271 observacións.

Indicadores

Estudo	Taxa de eficiencia	Taxa de éxito	Duración medias dos estudos
Licenciatura en Bioloxía	77,85%	70,09%	5,87
Licenciatura en Química	61,14%	72,66%	7,62
Licenciatura en Economía	63,74%	76,33%	6,59
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	71,14%	73,38%	6,29
Licenciatura en Dereito	65,77%	74,88%	7,44
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	80,30%	85,68%	6,42
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	77,62%	87,09%	7,29
Licenciatura en Filoloxía Galega	73,80%	85,38%	6
Enxeñaría en Informática	72,47%	79,93%	7,03
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	58,82%	69,52%	6,39
Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas	62,91%	62,63%	6,4
Licenciatura en Socioloxía	73,97%	87,65%	6,86
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	91,88%	93,83%	2,94
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	81,39%	79,25%	5,79
Licenciatura en Dereito e Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	89,31%	88,64%	
Arquitectura	68,71%	80,16%	8,65
Diplomatura en Máquinas Navais	69,86%	85,44%	6,17
Diplomatura en Navegación Marítima	72,63%	84,79%	4,76
Licenciatura en Máquinas Navais	83,01%	96,59%	3,11
Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	82,17%	97,06%	3
Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	71,33%	78,03%	8,49
Enxeñaría Técnica en Obras Públicas - Especialidade en Construcións Cívicas	78,37%	83,74%	4,23
Diplomatura en Ciencias Empresariais	66,59%	69,49%	4,92
Diplomatura en Fisioterapia	89,33%	93,10%	3,44
Mestre/a, Especialidade en Educación Infantil	89,26%	87,30%	4,33
Mestre/a, Especialidade en Educación Primaria	88,33%	89,34%	3,91

Cadro 24 Indicadores das titulacións. Curso 2007-2008 (segue)

Estudo	Taxa de eficiencia	Taxa de éxito	Duración medias dos estudos
Mestre/a, Especialidade en Educación Física	87,37%	87,22%	3,81
Mestre/a, Especialidade en Audición e Linguaxe	86,37%	88,62%	3,92
Licenciatura en Psicopedagogía	82,16%	80,93%	3,57
Diplomatura en Educación Social	86,90%	84,19%	4,13
Diplomatura en Logopedia	86,16%	84,23%	3,44
Diplomatura en Terapia Ocupacional	89,91%	88,36%	3,63
Diplomatura en Relacións Laborais	73,66%	84,53%	4,39
Diplomatura Enfermería	89,01%	91,07%	3,36
Diplomatura en Turismo	78,03%	82,31%	4,39
Arquitectura Técnica en Execución de Obras	66,60%	75,43%	6,92
Licenciatura en Humanidades	72,90%	92,82%	4,88
Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	82,01%	87,13%	4,09
Licenciatura en Documentación	78,57%	92,17%	3,06
Enxeñaría Naval e Oceánica	68,57%	75,65%	
Enxeñaría Industrial	66,80%	75,31%	8,95
Diplomatura Enfermería	86,05%	84,24%	3,49
Diplomatura en Podoloxía	89,14%	95,20%	3,29
Diplomatura en Relacións Laborais	81,50%	85,35%	4,23
Enxeñaría Técnica Naval - Especialidade en Estruturas Mariñas	62,37%	72,56%	6,88
Enxeñaría Técnica Naval - Especialidade en Propulsión e Servizos do Buque	59,88%	78,48%	6,77
Enxeñaría Técnica Industrial - Especialidade en Electricidade	57,45%	68,24%	6,64
Enxeñaría Técnica Industrial - Especialidade en Electrónica Industrial	54,70%	63,85%	6,8
Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial	72,88%	75,84%	4,94

Taxa de eficiencia:

Relación porcentual entre o número total de créditos superados polos alumnos nun determinado curso académico e o número total de créditos en que tiveron que matricularse para superalos ao longo dos seus estudos (este e anteriores cursos académicos).

Taxa de éxito:

Relación porcentual entre o número total de créditos superados polos alumnos (excluídos adaptados, validados, recoñecidos etc.) nun estudo e o número total de créditos presentados a exame. Permite analizar os resultados acadados nas probas de avaliación.

Cadro 24 (continuación) **Indicadores das titulacións. Curso 2007-2008**

Informática e comunicacións


Durante 2008 o Servizo de informática e Comunicacións (SIC) concretou o seu planeamento integral de definición e xestións conforme á norma internacional ISO/IEC 20000:2005 IT Service Management System de xestión de servizos de informática e de telecomunicacións. Adquiriuse unha nova plataforma de xestión de incidencias conforme coas mellores prácticas da Information Technology Infrastructure Library (ITIL). Entre as principais novidades atópanse as seguintes:

- Creouse un equipo de desenvolvemento de aplicacións que leva a cabo estudos de viabilidade, desenvolvemento e mantemento adaptativo e correctivo das distintas necesidades de desenvolvemento de software da UDC.
- Licitouse un novo contrato de mantemento hardware de microinformática que reduce considerablemente o tempo de resposta de estas reparacións.
- Levouse a cabo unha tarefa de renovación da práctica totalidade do hardware de xestión da UDC. O uso de tecnoloxía baseada en 64 bits e a virtualización da meirande parte de servidores permitirá ofrecer ao longo dos vindeiros anos unha mellora substancial dos tempos de resposta e da dispoñibilidade dos sistemas.

Servizos informáticos

- Na páxina web corporativa rexistráronse 1.869 solicitudes de publicación ou modificación de contidos, ao que se lle engadiu a adaptación, en novembro, da nova identidade corporativa.
- O servidor de webs aloxadas dá servizo a un total de 207 webs, cun total de 31 Gb de espazo ocupado. Dende o SIC deuse soporte para o deseño, contido e formación para unha quincena de novos sitios web.
- Posta en marcha dunha aplicación web para a xestión de solicitudes de bonobús universitario baseado en últimas tecnoloxías e estándares de aplicación web.
- Desenvolvemento dunha serie de servizos web, chamados internamente “Core”, que expoñen información académica e de persoal de maneira simple, comprensible e desacoplada para distintos consumidores.
- En 2008 consolidouse a posta en marcha do DataWarehouse coa adaptación do *datamart* de xestión académica, que permite o cálculo de estatísticas oficiais a partir desta ferramenta, a posta en marcha do *datamart* de RRHH que xa está dispoñible para os servizos de PAS e PDI.

- Para a súa publicación no protector de pantalla corporativo e nas pantallas da UDCMedia, editáronse máis de vinte vídeos e deseñáronse unha decena de novos logos e iconas web.
- No relativo á tarxeta universitaria e aos puntos de información, adaptáronse os procesos de intercambio de datos co banco para a obtención dos datos de Xescampus e desenvolveuse unha aplicación para a actualización nos puntos de información e deportes, así como para adaptación dos puntos de información aos novos formatos de expediente xerados por Xescampus.
- No mes de outubro último púxose en marcha a nova plataforma de aprendizaxe da Universidade da Coruña baseada en Moodle, moito mais flexible que a Facultade Virtual coa que convive de maneira excepcional durante este curso 2008-2009. Esta novidade permitiu pasar de 1.649 materias que se ofertaban na antiga Facultade Virtual a 3.829 que se ofrecen coa nova plataforma e que incorpora, ademais das materias de primeiro, segundo e terceiro ciclo, os novos másters e posgraos.



Cadro 25 **Evolución das materias que se ofertan na Facultade Virtual**

Sistemas e rede de comunicación


Ao longo de 2008 integráronse na rede de voz e datos da UDC varios centros e trasladáronse a novos edificios distintos servizos universitarios, así como centros que ampliaron a súa infraestrutura de rede. Entre os centros afectados están o edificio de Terapia Ocupacional no

campus de Oza, o Centro Cultural de Riazor, as escolas de Turismo e de Relacións laborais, o Instituto de Xeoloxía e a Clínica Podolóxica de Ferrol. Tamén mudaron a súa localización novos servizos na Reitoría e se ampliaron as aulas de informática de diversos centros.

	2007	2008	% incremento
Bastigueiro	216	266	23,15
Elviña	5.733	5.834	1,76
Esteiro	1.774	1.848	4,17
Maestranza	860	860	0,00
Oza	386	386	0,00
Riazor	508	558	9,84
Serantes	480	480	0,00
A Zapateira	2.010	2.036	1,29
Total	11.967	12.268	2,52

Cadro 26 Evolución do número de portos de rede dispoñibles

- Púxose en funcionamento a rede de fibra óptica monomodo que interconecta a totalidade dos campus da Universidade, o que permite unha maior fiabilidade nas comunicacións e a incorporación de novas tecnoloxías de troncalidade baseadas en calidade de servizo (QoS).
- Completouse a instalación dunha sala de videoconferencia multimedia avanzada na Facultade de Filoloxía do campus da Zapateira.
- No relativo ao proxecto UDC Wifi completouse o despregamento da infraestrutura de rede sen fíos, o cal posibilita ofrecer o servizo en zonas das áreas universitarias que presentaban unha cobertura deficiente, de modo que se chega a completar o 100% dos espazos da Univesidade da Coruña. Ao longo 2008 a rede Wifi contabilizou un total de 5.750 usuarios.



Cadro 27 Evolución do número de usuarios da rede Wifi da UDC

Postos xestionados polo SIC	1.165
Aulas dispoñibles	33
Novos ordenadores e postos de traballo	257
Incremento no número de postos de traballo	20%

Cadro 28 Actuacións dos servizos de rede e comunicacións en 2008

Avaría telefónica	184
Avaría datos	129
Extensión nova	53
Actuacións especiais	102
Alta de datos	208
Total	676

Cadro 29 Aulas de informática